

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN
PERMANENTE DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA
DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DA UNIVERSIDADE DA
CORUÑA CELEBRADA
O MÉRCORES DÍA 19 DE NOVEMBRO DE 2025**

De acordo co establecido na convocatoria, a Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión extraordinaria ás 12:50 horas do mércores día 19 de novembro de 2025, coa seguinte ORDE DO DÍA:

- 1) *“Solicitud de apoio á Iniciativa Lexislativa Popular para modificar a Lei de Augas”* por parte do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos.

ASISTEN:

Persoal académico

COUCEIRO	AGUIAR	Iván
DELGADO	MARTÍN	Jorge J.
DÍAZ	GARCÍA	Jacobo M.
FONTÁN	PÉREZ	Arturo N.
NAVARRINA	MARTÍNEZ	Fermin L.
NOVALES	ORDAX	Margarita
ORRO	ARCAJ	Alfonso
PENA	MOSQUERA	Luis
RAMÍREZ	PALACIOS	Luis

Estudantes

VÁZQUEZ-PENA	ROMERO	Jaime
--------------	--------	-------

PTXAS

CRUZ	VIQUEIRA	Mª Pilar
------	----------	----------

EXCUSAN:

Estudantes

FRANCO	FIGUEIRA	Alberto
--------	----------	---------

Preside a sesión o Sr. D. Luis Ramírez Palacios, Director. Actúa como secretario o Sr. D. Arturo Norberto Fontán Pérez, Secretario Académico da Escola.

1) “Solicitud de apoio á Iniciativa Lexislativa Popular para modificar a Lei de Augas” por parte do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos.

Toma a palabra o director para expoñer a solicitude recibida dende o Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos para apoiar unha Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) para modificar a Lei de Augas. O Colexio forma parte dunha rede ampla de apoio á Comisión Promotora impulsora da iniciativa, motivada esta principalmente polas consecuencias devastadoras da DANA de 2024. Luis Ramírez realizou consultas con membros do grupo GEAMA que lle trasladaron a súa opinión favorable a esta solicitude. Ademais, na recente reunión da CODICAM tratouse este tema e todas as Escolas presentes se manifestaron favorablemente.

Despois de ler os cambios propostos na lei, o director propón que a Escola como institución apoie a ILP e que se envíe un correo electrónico aos membros da Escola para informar da posibilidade de apoiar a ILP tamén individualmente.

Apróbase por asentimento.

Informarase da decisión adoptada na próxima asemblea ordinaria da Xunta de Escola.

A sesión extraordinaria da Comisión Permanente remata ás 12:57 h.

V.B

**Luis Ramírez Palacios
Director**

Ado.

**Arturo N. Fontán Pérez
Secretario académico**

Código Seguro De Verificación	OohuPzsRDNQUvMeOxuQLmQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a da ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Luis Ramírez Palacios	Asinado	17/12/2025 08:24:29
	Secretario/a ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Arturo Norberto Fontán Pérez	Asinado	16/12/2025 09:38:41
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/OohuPzsRDNQUvMeOxuQLmQ%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

